

- Problema540: a) Que se entende en cinética por "paso elemental"?
b) En que se diferencia un paso elemental unimolecular dun bimolecular?
c) Que é o mecanismo dunha reacción?

- a) Que se entende en cinética por "paso elemental"?

Un paso elemental é unha reacción que ten lugar nun só suceso. A súa orde virá dado pola suma dos coeficientes da ecuación axustada.

- b) En que se diferencia un paso elemental unimolecular dun bimolecular?

Nun paso elemental unimolecular intervén unha soa molécula como reactivo, pero nun paso elemental bimolecular necesítanse dúas moléculas como reactivos, que poderán ser iguais ou distintas.

- c) Que é o mecanismo dunha reacción?

O mecanismo dunha reacción química é a secuencia de pasos elementais que dan lugar aos produtos da mesma. Os pasos elementais máis lentos xustificarán a ecuación de velocidade determinada experimentalmente.